

CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

## **BASES PARA A SELECCIÓN DE 5 TRABALLADORES PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

### **1. OBXECTO DO CONTRATO.**

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación temporal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do “Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Entrimo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais”, dos seguintes traballadores:

- 1 Xefe de brigada.
- 1 Peón condutor con carné de conducir B
- 3 Peóns forestais

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

Os traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.


### **2. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos.

### **3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Serán requisitos imprescindibles:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén



**CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)**

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o preveña o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Titulación esixida:

f.1.- Para o posto de xefe de brigada, requírese:

- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Enxeñeiro de montes.
- Enxeñeiro técnico forestal.
- Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.
- Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, ou formación profesional equivalente.

- Estar en posesión do carné de conducir B.

f.2.- Para o posto de peón conductor:


- Certificado de escolaridade ou equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir B.

f.3.- Para os postos de peóns:

- Certificado de escolaridade ou equivalente.

#### **4. DURACIÓN.**

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado.



**CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)**

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

## **5. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Considerando a inminencia da contratación realizarase convocatoria pública mediante publicación no taboleiro de edictos municipal e na páxina web do Concello de Entrimo ([www.concelloentrimo.es](http://www.concelloentrimo.es)) con carácter de urxencia (ex art. 50 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).

Polo mesmo motivo o prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días naturais, en horario de 09:00 a 14:00 h, contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio na páxina web e no taboleiro de edictos.

Coa solicitude deberase achegar:

No modelo que figura como anexo I a estas bases, o aspirante fará constar que reúne os requisitos que se relacionan no artigo 3 e achegará á solicitude a documentación que consta nesta base:

- Copia cotexada da titulación esixida e do carné de conducir, de ser necesario.
- Copia cotexada do D.N.I.
- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible có desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos..)

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose sábado ou día inhábil o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Entrimo ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante fax ao nº 988 43 46 10. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

Serán excluídas todas aquelas solicitudes que non remitiran este avance ao fax citado.


## **6. CRITERIOS DE SELECCIÓN.**

A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

A) Experiencia profesional: puntuación máxima: 2 puntos.

1.- Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción.

2.- Por servizos prestados noutras administración públicas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción.



**CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)**

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

3.- Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

B) Formación: Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. Máximo: 2 puntos.

- 1.Cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos / curso.
- 2.Cursos de entre 31 e 100 horas: 0,20 puntos / curso.
- 3.Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos / curso.

C) Por empadramento no Concello de Entrimo: 2 puntos.

D) Por demandante de emprego: 2 puntos.

E) Por cada membro da unidade familiar a cargo do solicitante que non dispoña de rendas ou ingresos, ou estes sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional: 0'50 pto ata un máximo de 2 puntos

F) Entrevista: Versará sobre os aspectos do seu currículo académico e profesional, coñecementos e experiencia, dispoñibilidade e aptitude do aspirante en relación coas funcións do posto de traballo. Puntuarase cun máximo de 2 puntos.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación en formación previa. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias


## **7. TRIBUNAL SELECCIONADOR .**

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, nomearase polo Sr. Alcalde na resolución na que se acorde a lista de admitidos e excluídos e integrarse do seguinte xeito.

- Presidente: persoal laboral/funcionario de carreira da administración local, autonómica ou estatal.
- Secretaria: Secretaria do concello de Entrimo
- Vogais: persoal laboral/funcionarios de carreira da administración local, autonómica ou estatal.

As persoas substitutas, de se-lo caso, serán nomeadas polo Sr. Alcalde no momento oportuno.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política,



**CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)**

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Excmo. Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.


## **8. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón). No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados. Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello. O traballador seleccionado estará obrigado a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo. A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

## **9. BOLSA DE TRABALLO**



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2013.

## 10. RETRIBUCIÓNS.

- Xefe de brigada: soldo: 1.100,00 euros / mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.
- Peóns forestais e peón conductor: soldo: 982,53 euros / mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.

## 11. CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

## 12. RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.


### ANEXO I

Modelo de instancia:

“D./D<sup>a</sup>....., con  
D.N.I....., con domicilio a estes efectos  
en....., e-  
mail....., expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Entrimo para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza de (xefe de brigada, peón conductor ou peón forestal), tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir.



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible có desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos, certificado de empadramento, xustificación de ser demandante de emprego...)

En....., a ..... de.....de 2013.  
O/A Solicitante

Asdo.:.....”

**ANEXO II**

Modelo de instancia:

“D./D<sup>a</sup>....., con  
D.N.I....., con domicilio a estes efectos  
en.....,

DECLARA baixo xuramento ou promete, ó efecto de ser admitido o proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de: \_\_\_\_\_

convocada polo Concello de Entrimo,e, no seu caso, ó efecto da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

En....., a ..... de.....de 2013.  
O/A Solicitante

Asdo.:.....”

En Entrimo, a 27 de xuño de 2013.  
O Alcalde



Asdo: Ramón Alonso López